



Handwritten signature and initials

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 27.12.2024, apróbase a convocatoria e as bases específicas para a ampliación da listaxe de emprego temporal de Terapeuta Ocupacional para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 301, do 31.12.2024).

As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicadas no BOP núm. 079, do 06.04.2020 e corrección de erros BOP núm. 161, do 15.07.2020.

As cualificacións finais e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe publicouse na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 14.03.2025.

A vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a presidencia da entidade para que aprobe a ampliación da listaxe de emprego temporal de Terapeuta Ocupacional da Deputación Provincial de Lugo, segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos con carácter temporal na dita entidade.

Á vista do sinalado propónse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, Resolva:

1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal de Terapeuta Ocupacional, grupo A – subgrupo A2, aprobando a inclusión das persoas aspirantes propostas polo Tribunal que a continuación se sinala:

Nº orde	Apelidos e Nome	Cualificación Final
1	López Villar, Lourdes	42,530
2	Vila Muñoz, Mara	41,202
3	Parras Pérez, Aixa María	40,513

	IV7SRUKLDJWT2WJYAJHHCMCSOU	Fecha y Hora	26/03/2025 18:09:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-tugo/code/IV7SRUKLDJWT2WJYAJHHCMCSOU	Página	1/2



4	Rodríguez Brey, Laura	31,503
5	Maroño Martínez, María	28,040
6	Madrileño Gómez, Alba	25,728
7	Núñez Fábregat, Sandra	24,501

2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos sexa realizada seguindo os criterios establecidos nas resolucións da presidencia do 29 de setembro de 2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16 de decembro de 2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14 de febreiro de 2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019), nas que se establecen os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal temporal na Deputación de Lugo, así como o sinalado na base xeral 12.

3º.- Esta listaxe terá efectividade dende o día seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 04-07-2023
O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7SRUKLDJWT2WJYAJHHCMSOU	Fecha y Hora	26/03/2025 18:09:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRUKLDJWT2WJYAJHHCMSOU	Página	2/2

